

**Acta número 10/2006, da Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma.**

## **Asistentes:**

### **POLA ADMINISTRACIÓN.**

**Presidente**

José Rodríguez González

**Secretario**

Víctor Gallego Víncent

**Presidencia da Xunta de Galicia**

Carlos Jacobo Landrove Diaz

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar**

Manuela Guillán de Díos

**C.Presidencia, administracións públicas e xustiza**

Beatriz Rodriguez Fraga

**C. Economía e Facenda.**

Maria Blanco Aller

**C.Pesca e Asuntos Marítimos**

Miguel López Sieiro

Marta Ramos Lage

**C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte**

María Chas de la Calle

**C. Educación e Ordenación Universitaria**

Marina García Valeiras

**C.Innovación e industria**

Lourdes Courtier Ramos

**C. Cultura e Deporte**

Miguel Ares Casal

**C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

Maria Lourdes Batán Aira

**C.Traballo**

Victor Tubio Vilar

**DX calidade e avaliación de políticas públicas**

Manuel Maceiras Caldelas

**POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS**

**CIG**

Mar Peteira Cabana  
Alexandre Prieto Giraldez  
Xoan Gonzalez Canedo  
Juán M. Parada Alvarez

**CC.OO.**

Manuel García Cendón

**UGT**

Rosario Valledor Puente  
José Vazquez Gonzalez

**CSI-CSIF**

Miguel Dono Gomez.  
Álvaro Fernández Baamonde.  
Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as doce horas do día vinteseis de setembro do ano dous mil seis, reúnense en sesión ordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Mesa xeral de negociación segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro: Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta 9/2006 correspondente a sesión anterior.**

A representante de UGT manifesta que na paxina 6 que a súa intervención debe constar que é unha “apostilla” do que se estaba a dicir e en tal sentido debe constar feita e reflexada na acta.

Coa anterior observación queda aprobada por unanimidade a acta correspondente a dita sesión.

**Punto segundo: Proxecto de convocatoria do concurso para a provisión de postos de traballo vacantes das escalas de finanzas da Xunta de Galicia.**

A representante da consellería expón que houbo reunións previa é que se recolle como modificación da convocatoria os cursos impartidos polas OOSS, solicitude que tiña sido solicitada por determinados membros sindicais.

A representante de UGT manifesta:

Que este tema de convocatoria, o mesmo que o seguinte punto da orde do día, son de mesa sectorial e non de mesa xeral polo que tendo recibido a convocatoria con tanta premura e ao corresponder a mesa sectorial non puido contactar cos representantes da súa organización sindical para que manifestaran a súa posición, non obstante que lle parece ben ós membros da mesa sectorial que se modifique a convocatoria incluíndo os cursos impartidos polas OOSS.

O director xeral da Función Pública manifesta que asume o compromiso de que isto non se vai a volver a producir deste xeito e que á mesa sectorial se levarán os temas que afecten ós funcionarios e ao comité intercentros os que afecten ao persoal laboral.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que lles parece estupendo o dos cursos e que o pedirán para as próximas convocatorias.

Solicitan unha reunión cos representantes de función pública para o estudo dunhas bases comúns para os concursos que se convoquen no futuro.

O representante da CIG manifesta:

Que agradece as reunións previas.

Que fan as seguintes observacións:

No punto I.1 que se comprometa a consellería a que se poida promocionar ao persoal sen levar dous anos sempre que continúen no mesmo posto de traballo, que o tempo en destino provisional se teña en conta como de destino definitivo se non estaba no intervalo de niveis do posto ao que se promociona o empregado.

No punto I.3 segundo parágrafo...que haxa prazo de subsanación pero que non se utilice para “xogar” coas prazas, é dicir que haxa tempo de subsanación pero que este teña un prazo e non quede aberto a criterio da administración.

Que o tope de puntuación do grao persoal sexa de 4.1 con 0,2 por nivel que se exceda.

Que o tope dos cursos sexa de 2 puntos con cursos que segundo as horas sexan de 0.2, 0.4 e 0.6 puntos.

O representante de CCOO manifesta:

Que na base II.3.1. se engada que cando se estea en adscripción por supresión da praza a permanencia se conte dende que a mesma se suprimiu.

Que agradece a ampliación dos cursos baremables.

Que se elimine a titulación da base II.4.2 ata que se elabore o catálogo de postos de traballo.

Na base IV.4 que se inclua que unha vez publicada a puntuación provisional, agás casos de forza maior, non se poida renunciar as solicitudes de participación do concurso.

Que os funcionarios que participen dende a adscripción provisional teñan preferencia no concurso

na mesma localidade e categoría.

A representante da consellería expón que transmitirá os seus superiores as alegacións efectuadas polos representantes das distintas OOSS.

**Punto terceiro: Proxecto de convocatoria do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de letrados.**

O representante da Asesoría Xurídica expón:

Que o director da mesma, e en relación as reunións previas coas OOSS aceptáronse as seguintes peticións sindicais:

Que a promoción interna se incrementa ata o 33% das prazas convocadas, resultando en total para esta quenda 4 prazas.

Que se concreta na convocatoria as causas da exención das taxas.

Que se expoñerán na páxina web da Xunta os distintos anuncios do tribunal deste proceso selectivo.

Que se incorpora un tema na parte administrativa especial sobre cuestións lingüísticas.

Que ten vontade de negociación cos representantes sindicais constituindo un grupo de traballo para a futura modificación das convocatorias de letrados, convocando a próxima reunión para o día 23 de outubro.

O representante da CIG manifesta:

Que agradecen as reunións previas a esta mesa así como a inclusión do tema de cuestións lingüísticas.

Pide que para promoción interna sexan o 50% das prazas sendo estas en convocatoria separada.

O representante de CCOO manifesta:

Que solicitan promoción interna separada co 50% das prazas convocadas.

Que tanto en acceso libre como en promoción interna se garante o anonimato dos opositores dado que senón se perde a obxectividade do tribunal.

Que se reduza o elevado número de probas.

Se elimine a proba do idioma extranxeiro-comunitario dado que entende é unha sobrecarga para os opositores innecesaria.

A representante de UGT manifesta:

Que reitera o xa dito no senso de que se entenda que este é un tema de mesa sectorial e non da mesa xeral.

Que os exames deben ser tipo test para garantir o anonimato dos opositores e a obxectividade do tribunal e que en caso de ter que leer o opositor algún exame este sexa gravado polo para ter o opositor unha maior seguridade xurídica.

Que o 50% das prazas sexan para promoción interna separada.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que solicitan promoción interna separada e distinta en temario e probas a da acceso libre.

Que non se realicen probas orais.

Que non se alargue no tempo o proceso da oposición.

Que esta oposición sae carísima a administración debido a cantidade de exames orais que ten.

O director xeral da función pública anima ós interesados a que se presente dado que manifesta que non se soen presentar moitos opositores as mesmas.

**Punto cuarto: Proposta da modificación da titulación do Grupo IV, categoría 11 (auxiliar de laboratorio) da orde do 21 de febreiro do 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso as categorías correspondentes ao grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia ttanto por promoción interna como por acceso libre (DOG do 27 de abril), segundo o anexo que se acompaña.**

O representante da CIG manifesta:

Entenden que sexan tecnicos e non tecnicos de laboratorio.

O representante de CCOO manifesta:

A favor da modificación e da conseguinte apertura de prazo para presentar solicitudes polos que non o puideron facer antes.

A representante de UGT manifesta:

Que están a favor da modificación.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que lles parece unha modificación tardía.

Que se faga reflexo do decreto 777/1988.

**Punto quinto: Rogos e preguntas.**

Non se produxeron nin rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos do día sinalado supra.

**VISTO E PRACE**  
PRESIDENTE

**DOU FE**  
SECRETARIO

Asdo.: José Rodríguez González.

Asdo. Víctor Gallego Víncent.